

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**21045** *Real decreto 2003/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade.*

O Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e o Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables para as microempresas, constitúen o desenvolvemento regulamentario básico e fundamental da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

A reforma da normativa contable española sitúase dentro do proceso de converxencia coas NIIF-UE (normas internacionais de información financeira adoptadas pola Unión Europea), cuxos pronunciamentos ata a data, con carácter xeral, cualifican o capital das sociedades cooperativas como un pasivo se o consello reitor non goza do dereito incondicional a refugar o reembolso, sen prexuízo de que na actualidade o «*International Accounting Standards Board*», órgano emisor das NIIF que logo adopta a UE, estea a estudar modificar os criterios de delimitación entre fondos propios e fondos alleos.

O número 1 da disposición transitoria quinta, Desenvolvementos normativos en materia contable do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, a que pola súa vez se remite a disposición transitoria sexta do Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, establece o seguinte:

«1. Con carácter xeral, as adaptacións sectoriais e outras disposicións de desenvolvemento en materia contable en vigor na data de publicación deste real decreto seguiranse aplicando en todo aquilo que non se opoña ao disposto no Código de comercio, no texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, na Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, en disposicións específicas e neste Plan Xeral de Contabilidade.»

Pola súa parte, o número 4 da citada disposición transitoria sinala:

«4. Os criterios polos que se establece a delimitación entre fondos propios e fondos alleos nas normas sobre os aspectos contables das sociedades cooperativas, aprobadas pola Orde do Ministerio de Economía ECO/3614/2003, do 16 de decembro, poderanse seguir aplicando ata o 31 de decembro de 2009.»

O obxectivo deste réxime transitorio era dobre. En primeiro lugar outorgar ás sociedades cooperativas sometidas á Lei estatal (Lei 27/1999, do 16 de xullo), de Euskadi (Lei 4/1993, do 24 de xuño) e de Navarra (Lei foral 14/2006, do 11 de decembro) un prazo de dous anos para modificar os seus estatutos, atribuíndolle ao consello reitor o dereito incondicional a refugar o reembolso do capital social baixo determinados requisitos e, en segundo lugar, conceder ás restantes comunidades autónomas un prazo de tempo razoable para que puidesen aprobar unha reforma similar á incluída a nivel estatal.

Unha vez transcorrido este prazo e ante a ausencia de cambios na lexislación autonómica, considérase necesario modificar o número 4 da disposición transitoria quinta do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, de tal forma que se amplíe de forma excepcional e por un prazo dun ano a vixencia dos criterios polos cales se establece a delimitación entre fondos propios e fondos alleos. En caso contrario, o 1 de xaneiro de

2010, as sociedades cooperativas de competencia autonómica cuxa lei substantiva non fose modificada estarían obrigadas a cualificar todo o capital social como pasivo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade.*

Modifícase o número 4 da disposición transitoria quinta do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os criterios polos cales se establece a delimitación entre fondos propios e fondos alleos nas normas sobre os aspectos contables das sociedades cooperativas, aprobadas pola Orde ECO/3614/2003, do 16 de decembro, poderán seguir aplicándose ata o 31 de decembro de 2010.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta norma entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ